



falaRedes

programa de dinamización lingüística

XENTE MIÚDA, MOITA FARTURA

Axente miúda da casa é , ano tras ano, a protagonista máis especial do FalaRedes.

A quinta edición do programa de dinamización lingüística que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a terceira das súas propostas: Xente miúda, moita fartura, concertos en directo do recente traballo discográfico homónimo de Pablo Díaz, un dos referentes máis destacados da música infantil feita en Galicia.

A actividade chegará, durante a primavera, a dezaoito concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) para ofrecerlle ao público familiar con cativada de 0 a 5 anos unha opción de ocio de calidade en galego e un amplo repertorio de cancións coas que acompañar os momentos máis cotiáns do universo miúdo (os aniversarios, a hora de durmir, a hora de gardar os xoguetes...).

Da man de Pablo Díaz (voz, harmónica, acordeóns e percusións), Carmen Rey (piano e voz) e Tito Calviño (guitarra acústica), a música cantada volve ser o mellor vehículo para promover o uso da nosa lingua propia na familia e a súa transmisión interxeracional.

De abril a maio, poderase gozar en Ames, Arteixo, Arzúa, Boiro, Ordes, Rois, Teo, Val do Dubra, O Barco de Valdeorras, Castro Caldelas, Ribadavia, Xinzo de Limia, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Lalín, Soutomaior e Valga.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e tamén nas redes sociais do programa.



@Falaredes



Programa Falaredes

XENTE MIÚDA, MOITA FARTURA

MARZO

Sábado 19: **Lalín**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h

Domingo 20: **Bueu**, no Centro Social do Mar, ás 18:00 h

MAIO

Domingo 1: **Valga**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h

Venres 6: **Boiro**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h

Sábado 7: **Ordes**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h

Domingo 8: **Caldas de Reis**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 h
Val do Dubra, na Casa da Cultura de Bembibre, ás 18:00 h

Sábado 14: **Arzúa**, no Recinto feiral Terra do Queixo, ás 18:00 h

Domingo 15: **Teo**, no Auditorio da Ramallosa, ás 12:00 h
Ribadavia, na Casa da Cultura, ás 17:00 h



ABRIL

Domingo 3: **Castro Caldelas**, no Salón nobre do Castelo, ás 17:00 h

Sábado 9: **Rois**, no Auditorio do Multiúsos, ás 19:00 h

Domingo 10: **Baiona**, no Auditorio V Centenario, ás 18:00 h

Sábado 23: **Arteixo**, no Auditorio do Centro Cívico, ás 12:00 h

Domingo 24: **Xinzo de Limia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 12:30 h
Soutomaior, no Multiúsos de Arcade, ás 19:00 h

Venres 29: **Ames**, no Auditorio de Bertamiráns, ás 18:30 h

Sábado 30: **O Barco de Valdeorras**, na Biblioteca Pública Florencio Delgado Gurriarán, ás 18:00 h

